# Os Bolechas

PEPE CARREIRO ®™

## Familias acolledoras

## CADERNO DE ACTIVIDADES



bolanda



Os Bolechas somos unha familia numerosa, composta por: unha nai, un pai, seis fillos e un can. Pero non todas as familias son iguais.

Debuxa as persoas da túa familia que viven contigo na túa casa:





Existen moitos tipos de familias distintas: numerosas, monomarentais, adoptivas ou de acollida, como a dos Bolechas.

Acoller significa recibir a alguén na propia casa. Marca cun X as situacións que non estean relacionadas coa palabra "acoller":



PROTECCIÓN



AFECTO



PELEXAS



AMOR



SOIDADE



APOIO



FAMILIA







A familia dos Bolechas acolleu a Balbino. Realiza as seguintes operacións matemáticas para saber cantos membros son agora:

8 − 2 = ☐

× 2 = ☐

+ 2 = ☐

: 2 = irmáns máis un can!

Colorea a seguinte familia acolledora:





Acoller non só é cousa dos humanos, tamén hai animais que protexen a outras crías e se coidan entre todos.

Escribe o nome dos seguintes animais coidadores das súas crías:

  

.............................. .............................. ..............................

  

.............................. .............................. ..............................

Cal é o teu animal favorito? Descríbeo: ..............................................

..............................................................................................

..............................................................................................



Cada persoa é diferente, igual que cada familia e cada situación. A acollida axuda a moitas nais e pais que non poden coidar dos seus fillos.

Atopa na sopa de letra os seguintes termos:

**ACOUGO** **ACOLLER** **PROTECCIÓN**

**CONFIANZA** **AMOR** **DEREITO** **FAMILIA**

| | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C | R | O | T | I | S | B | U | R | G | I | X | F | E | D |
| I | S | X | Q | G | E | A | L | E | A | D | E | Ñ | P | O |
| A | O | V | H | V | X | I | O | S | C | Q | N | D | F | D |
| I | T | P | L | P | Ñ | Q | E | N | O | V | F | R | T | E |
| B | D | O | R | R | U | I | S | D | U | L | A | M | O | R |
| I | E | L | O | O | C | V | N | M | G | A | M | N | P | E |
| F | R | E | A | F | T | M | I | N | O | S | I | O | O | I |
| I | E | T | Z | A | T | E | R | T | U | B | L | P | Z | T |
| D | I | A | X | E | R | L | C | A | Q | D | I | C | X | O |
| S | T | G | H | E | B | T | Z | C | V | E | A | Q | U | S |
| C | O | N | F | I | A | N | Z | A | I | C | R | B | P | X |
| E | S | S | O | R | B | T | I | D | A | O | E | B | H | O |
| A | C | O | L | L | E | R | Ñ | A | S | Q | N | O | S | A |



Ser pai ou nai non é doado. O traballo, as dificultades económicas e o coidado dos fillos pode ser complicado, por iso está ben pedir axuda.

Balbino vai vivir unha tempada na casa dos Bolechas. Axúdalle a chegar ata Chispa:





As familias poden conformarse de moitos xeitos distintos, e cada familia é única. Agora Balbino ten dúas familias, a súa e a dos Bolechas.

Le atentamente as definicións e completa as vogais que faltan:

Familia que exerce o coidado dun neno, nena ou adolescente mentres a súa familia de orixe supera certas dificultades.

A C _ L L _ D _

Familia que toma legalmente como fillo un neno, nena ou adolescente.

A D _ P T _ V _

Familia na que por decisión propia ou por outras circunstancias, só hai unha persoa adulta coidando os nenos e nenas.

M _ N _ P _ R _ N T _ L



É importante que as nenas e os nenos aprendan a importancia de acoller e protexer os demais, sen diferencia de xénero, raza ou relixión.

Balbino goza dun día de praia coa súa familia de acollida. Atopa as 6 diferenzas e sinálaas:







Agora a nosa familia é máis extensa que antes e podemos axudarnos os uns aos outros para que todo sexa máis sinxelo.

Sinala se as seguintes afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F):

- [ ] As familias acolledoras protexen a todas as nenas e nenos que o necesiten.
- [ ] Algunhas nenas e nenos teñen que ir a residencias de acollida.
- [ ] As mamás e papás deixan de ver os seus fillos e fillas.
- [ ] Acougo é unha asociación que só acolle a nenas e nenos galegos.
- [ ] As familias acolledoras realizan actividades coas nenas e nenos de acollida.
- [ ] Non é importante que existan familias acolledoras.



A árbore xenealóxica é un esquema que serve para representar todos os lazos familiares: avós, pais, tíos, irmáns, curmáns... Tamén podemos incluír as mascotas, pois tamén son da familia.

Pide axuda na casa e elabora unha árbore xenealóxica da túa familia.
Pode ser tan extensa como ti queiras (avós, bisavós, tataravós...):



Cando non podemos sós con todo é importante pedir axuda e apoiarse nos demais. A asociación ACOUGO está para axudar as familias que o necesiten e protexer as nenas e nenos.

Colorea o logotipo de ACOUGO coas cores correctas. Se non lembras cales son, consulta o libro dos *Bolechas Familias acolledoras*:



Todas as nenas e os nenos do mundo teñen dereito a vivir nunha familia.

Relaciona os seguintes dereitos universais coa súa definición:

| | |
|---|---|
| Dereito á saúde | Débese socorrer os nenos e as nenas da violencia, dos abusos e dos malos tratos. |
| Dereito á educación | As nenas e nenos teñen dereito a vivir e ser criados nunha familia. |
| Dereito á vida | Os gobernos teñen que asegurar que as nenas e os nenos sobreviven e medran. |
| Dereito ao xogo | Os nenos e as nenas deben gozar dun bo nivel de asistencia médica. |
| Dereito á familia | A educación primaria debe ser gratuíta e débese facilitar o acceso á secundaria e á universidade. |
| Dereito á intimidade | É moi importante que teñan tempo de ocio e para as actividades culturais. |
| Dereito á protección | Débese protexer a privacidade das nenas e dos nenos. |



Á familia dos Bolechas encántalle pasar o tempo de lecer xogando.

Escribe o nome dos seguintes xogos tradicionais galegos:



.............................................



.............................................



.............................................



.............................................

os bolechas

PEPE CARREIRO ®™

Familias acolledoras

CADERNO DE ACTIVIDADES



www.osbolechas.gal

XUNTA DE GALICIA

Acougo

Asociación galega de familias de acollida